

# *"¡Que animalada!"*

*Xornada de sensibilización contra o maltrato animal.*

## **DESCRIPCIÓN**

Os dereitos dos animais levan redactados dende 1978 e aínda a día de hoxe podemos ver nos medios de comunicación como se festexa facendo sufrir animais en moitísimos puntos da xeografía española, como cada vez que se achegan as vacacións centos de mascotas son abandonadas nas estradas do país ou como se cometen barbaries de maltrato e abuso sexual ; isto sen mencionar o tráfico mundial de especies no que empresas e gobernos mundiais están implicados.

A concepción sobre os animais que cohabitan con nós; en prados, mares, montañas ou aínda máis importante, nas nosas cidades, granxas e fogares; debe cambiar. Os nenos son a clave para que estos comportamentos cambien e se radiquen nun futuro próximo. Unha infancia baseada no respecto aos animais freará os comportamentos aberrantes dos que falaba anteriormente e cimentará as bases dunhas normas sociais de equidade cos animais salvaxes, domésticos e incluso nas granxas. Este é o fin deste proxecto, dar a coñecer aos nenxs as problemáticas (xa coñecidas para a gran maioría deles) pero cun enfoque empático e resolutivo. Preténdese así que os rapaces detecten cales son os problemas que presenta o colectivo animal a nivel global e por suposto na súa cidade e barrio, pero coñecendo as ferramentas que existen para que incluso eles, á súa curta idade, poidan facer pequenos cambios.

Esta xornada responde á petición dos alumnos, que por medio da avaliación do proxecto comunitario "Fontiñas... somos todos!"; demandaron proxectos nos que o benestar e a protección animal foran o tema a abordar.

## **OBXETIVOS**

- Dar a coñecer dun xeito divertido e didáctico os dereitos dos animais e as leis e organismos que amparan os mesmos na nosa comunidade.
- Sensibilizar sobre a problemática de maltrato animal mundial, facer conscientes aos rapaces que maltrato non só son golpes ou cativerio.
- Sensibilización sobre o cativerio animal en zoolóxicos, circos, acuarios e industrias alimentarias
- Sensibilización sobre a problemática dos animais domésticos e de granxa en Galicia e Santiago.

- Informar e concienciar sobre o drama das mascotas no Concello e concienciar na tenza responsable de mascotas
- Concienciar sobre o uso responsable de produtos derivados de animais.
- Fomentar hábitos respetuosos co mundo natural e animal a tódolos niveis posibles.

## ***METODOLOXÍA***

A proxecto consta de varias partes

Unha primeira parte como mesa redonda na que se dará a coñecer a problemática do maltrato animal e se darán ferramentas para que ata incluso, coa súa curta idade, os rapaces sexan capaces de realizar pequenos cambios na súa vida e nas súas accións en prol da igualdade cos animais.

O resumo desta mesa redonda é o seguinte. Para comezar realizaremos en grupo unha pequena dinámica ,con vídeos e presentacións amenas, nas que os nenxs chegarán a redactar os dereitos dos animais e saberán que leis e que organismos amparan estes dereitos no noso territorio. Entre todos tentaremos facer un listado dos ámbitos e actividades diarias nas que nos olvidamos destes dereitos. Posteriormente proporase aos rapaces que en 5 minutos redacten nun máximo de 2-3 liñas cales creen que son os dous problemas mais importantes para él en canto ao mundo animal. Seleccionaranse aleatoriamente unhas cuantas e entre todos e con todo o aprendido previamente tentaremos entre todos propoñer algunha solución ao problema. Posteriormente a seguinte fase consiste na transmisión de experiencias. Nesta mesa redonda de intervención gustárame falar sobre:

- Asociacións de defensa dos animais. Nesta cidade contamos con dúas grandes organizacións que se encargan de velar polo benestar das mascotas abandonadas da cidade e crear conciencia responsable na tenza de mascotas con programas de adopción e voluntariados para dar mellor vida aos animais que caeron nas mans do olvido por parte dos seus donos ou ben foron maltratadas. A veterinaria do Refuxio de Bando, será a encargada de, por medio das súas experiencias, inculcar nos rapaces unha conciencia de tenza responsable de mascotas.
- Eu mesmo, Diego Vázquez; como veterinario. As miñas andanzas no mundo dos zoolóxicos e os refuxios de animais tanto en España como latinoamérica servirán para que os rapaces vexan o que non se debe facer no mundo do “espectáculo animal”.

- Unha Asociación ecoloxista, neste caso GREENPEACE; que lle faga ver aos rapaces que cambiando os nosos hábitos de vida e sendo un pouco verdes podemos conseguir mellorar o fogar dos animais salvaxes.

Entre todos tentaremos inculcar, coas nosas experiencias, o noso respecto e amor pola natureza e conseguir así que os rapaces saian da xornada con ganas de cambiar as cousas e incluso de colaborar con todo o que estea nas súas mans.

A segunda parte consiste nunha visita a unha granxa de burros no lugar de Ames. “O fogar do meu burro” é un espazo natural no que se divulgan e se traballan todos os valores que me gustaría inculcar nos rapaces e rapazas. O espazo conta con 5000 metros cadrados de contorna natural e 16 animais. Trátase dunha granxa de “burroterapia”, pero neste caso gustaríame utilizar esta excursión como unha ferramenta coa que os nenos aprendan insitu a importancia dos valores naturais e para que se comuniquen coa natureza (moitos deles por primeira vez na súa vida) para que todo o tratado anteriormente quede gravado nas súas consciencias en forma de experiencia vital. Desta maneira, os propios rapaces terán unha experiencia a contar e poderán poñer a súa pequena semente de cambio en contra do maltrato animal.

Desta maneira as xornadas quedarían distribuídas desta maneira:

DIA 1: Xornada de sensibilización e mesa de experiencias coa Fundación Refuxio de Bando e Greenpeace Santiago.

DIA 2: Excursión ao “Fogar do meu burro”.

A xornada debería ter continuidade nas aulas. Por medio de grupos de debate, presentacións en PowerPoint, pequenos traballos, cartas aos poñentes, etc. sobre o que os profesores decidan. O ideal é que os poñentes reciban un feedback dos rapaces participantes na xornada.

Suxeito á aprobación por parte do concello quedaría pendente a terceira parte do proxecto, a realización dun taller de videocreación para dez dos asistentes a estas xornadas. Trátase dun taller de videocreación no que os rapaces elaborarán unha peza audiovisual expresando a súa opinión e emoción sobre o maltrato animal tras un exercicio de empatía cunha especie animal que eles mesmos escollan. Unha psicóloga, un rehabilitador de fauna e educador ambiental e unha creativa audiovisual traballarán durante dous meses cos rapcxs para obter como resultado un vídeo composto de dez pezas audiovisuais creadas polos rapaces (máis información no pdf específico).

## ***A QUEN VAI DIRIXIDO?***

A xornada está enmarcada dentro dun ciclo de actividades anuais que se realiza no barrio das Fontiñas para o CEIP Monte dos Postes, CEIP Fontiñas e o IES. Antón Fraguas chamado “*A nosa vida en positivo*”. Realizarase un modelo de avaliación similar ao realizado en tódalas xornadas destas actividades nas que os rapaces valoraran aos poñentes, o nivel de contento coa actividade e un par liñas sobre qué conclusión sacaron en limpo desta actividades

As idades dos rapaces son 12-13 anos (alumnos de 6º de primaria e 1º da ESO). Varios grupos que sumarían entorno aos 190 nenxs.


## ***AVALLACIÓN***

Realizarase un modelo de avaliación similar ao realizado en tódalas xornadas realizadas anteriormente. Os rapaces valoraran aos poñentes, o nivel de contento coa actividade e un par liñas sobre qué conclusión sacaron en limpo destas actividades.

## ***LUGAR E CALENDARIO***

O lugar será o salón de actos do CSC FONTIÑAS. O horario será o mércores 16 de Marzo de 11 a 13:30.

A excursión realizarase o día 17 de Marzo. A saída está prevista para comezar a actividade ás 11 horas e retornar ás 13 horas.



DIEGO VAZQUEZ MIRAMONTES